



**ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA O DÍA CATRO DE OUTURO DE DOUS MIL DEZANOVE, POLA MESA DE AVALIACIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DE CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA DE TITULARIDADE PRIVADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Dona Mar Sánchez Sierra, Secretaria Xeral de Medios.

**VOGAIS**

Don Guillermo Tato González, Asesor Xurídica da Presidencia da Xunta de Galicia.

D. Ignacio José Otero López, Subdirector xeral de Enxeñería e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia.

D. Enrique González Murga, Subdirector Xeral de Réxime Xurídico

D. Maria Nieves Domínguez Castro, Xefa de Sección da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico.

**SECRETARÍA:**

Dona Maria Pilar Louro García, funcionaria da Secretaría Xeral de Medios, que exerce as funcións de secretaria nesta Mesa actuando con voz pero sen voto.

En Santiago de Compostela, ás 10,30 horas do día catro de outubro de dous mil dezanove, no despacho da secretaria xeral de Medios, sita no complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, reúnese a Mesa de Avaliación do Concurso Público para o outorgamento de dúas licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica na Comunidade Autónoma de Galicia integrada polos membros que aparecen na marxe esquerda segundo a composición establecida pola cláusula décimo terceira das bases que rexen o dito concurso.

MSS



**Primeiro.-** Ás 10,30 horas a Presidenta dá por constituída a Mesa de Avaliación e convídase aos expertos, designados pola secretaria xeral de medios segundo a resolución do 27 de xuño de 201 a incorporarse á xuntanza.

**Segundo.-** Se incorporan á xuntanza, Jose Manuel Merelles Remy, responsable da Área de Comunicación da Axencia Galega de Turismo; Santiago Lago Fernández, subdirector xeral de Xestión e Coordinación de Medios da Secretaría Xeral de Medios e Maria Jesús Peteiro Carreira, enxeñeira de telecomunicacións de funcións facultativas da subdirección xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia da Secretaría Xeral de Medios.

Os expertos presentan os informes elaborados, detallando a metodoloxía de traballo e explican a súa motivación para a valoración de cada unha das propostas á vista dos criterios de valoración contidos na cláusula duodécima das bases do concurso.

As 11:15 a presidenta da mesa invita aos expertos a abandonar a reunión, unha vez rematado o seu traballo, agradecéndolle os seus servizos.

**Segundo.-** Á vista dos informes presentados polos expertos, a mesa acorda modular o outorgamento dos puntos, en base aos dos criterios de avaliación, respecto das consideracións dos expertos como a continuación se expón.

- Ós criterios cuxa valoración sexa proporcional a un valor determinado, outorgaráselle os puntos proporcionalmente pola regra de tres, segundo o dato correspondente de cada proposta, entre os valores mínimos que son esixibles, aos que lle corresponderá un valor de 0, e os valores máximos, aos que lle corresponderá o máximo valor, segundo cada criterio.
- Para o resto dos criterios de valor subxectivo dos expertos, repartíranse os puntos do seguinte xeito:

LETRA	CONSIDERACIÓN:	PUNTOS
A	A proposta é moi boa, contén os elementos necesarios para acadar unha descrición detallada do servizo que se pretende prestar coa licenza e achega, de ser o caso, a documentación que acredita os compromisos aos que se suxeita coa súa proposta.	10
B	A proposta é axeitada, contén os elementos necesarios para acadar unha descrición completa do servizo que se pretende prestar coa licenza e achega, de ser o caso, declaración explícita dos compromisos aos que se suxeita coa súa proposta.	6,66
C	A proposta non está detallada ou presenta deficiencias nalgún aspecto, pero é suficiente para acadar unha descrición xeral do servizo que se pretende prestar coa licenza	3,33

MSS



D	A proposta presenta deficiencias importantes nalgún concepto ou carece dos elementos necesarios que permitan avaliar á súa adecuación ao obxecto do concurso	0
---	--	---

Hai que entender que dita modulación aplícase cando a avaliación máxima establecida nas bases da convocatoria para un criterio determinado acada os 10 puntos.

- A consideración mais alta, a da letra "A", corresponderálle o máximo de puntos dese apartado.
- No caso da consideración mais baixa, a letra "D", corresponderálle 0 puntos.
- No caso da letra "B", serán 6,66 puntos, que saen de multiplicar o máximo de 10 por 2/3.
- No caso da letra "C" serán 3,33 puntos, que saen de multiplicar o máximo de 10 por 1/3.

No caso de que a avaliación máxima establecida nas bases da convocatoria para un criterio determinado sexa inferior a 10 puntos, a Mesa de Avaliación acordou a ponderación da puntuación obtida de acordo co dito anteriormente, proporcionalmente a puntuación máxima establecida para ese criterio en concreto. A ponderación aplicarase proporcionalmente mediante a regra de tres.

Así mesmo, valorarase tamén con 0 puntos, os contidos da proposta económica sen datos para as localidades de cada Lote e que aparecen indicadas no informe do experto como "sen datos" e a consideración "non se valora".

**Cuarto.** – Tendo en conta o anterior e á vista dos informes presentados, a Mesa de Avaliación acorda, encomendar ao membro da Mesa, D. Ignacio Otero López, para que emita un informe de aplicación da modulación, e no caso de proceder faga as matizacións correspondentes, á vista dos criterios de valoración, as ofertas presentadas polos licitadores así como as consideracións contidas nos informes dos expertos.

Rematadas as tarefas sinaladas dáse por rematada a sesión cando son as 11:45 horas e esténdese esta acta para a súa constancia coa sinatura de tódolos membros da Mesa.

A Presidenta

Mar Sánchez Sierra

Vogal

Enrique González Murga



Pola Asesoría Xurídica Xeral

Guillermo Tato González

Vogal

Ignacio José Otero López

Vogal

Maria Nieves Domínguez Castro

A secretaría

Maria del Pilar Louro García